




Como facer capturas de pantalla

Capturas de pantalla coa tecla Imprimir pantalla

1. Unha vez visualizamos na pantalla o que queremos gardar, prememos no teclado do noso ordenador a tecla **Imprimir pantalla**. Con isto conseguimos gardar a captura de todo o escritorio no portapapeis do noso sistema.




Esta tecla normalmente aparece serigrafiada como **PrtSc** (Print Screen) ou **ImprPant** (Imprimir pantalla).

2. Para Windows:

- Acceder a **Paint en Windows** → na ruta *Inicio > Todos os programas > Accesorios > Paint*
- Premer no menú *Edición > Pegar* ou empregar o atallo *Ctrl+V*
- Visualizarase a imaxe no Paint.
- Se queremos, podemos recortar a parte de imaxe que nos interesa, se é que non a queremos enteira.
- Premer no menú *Arquivo > Gardar como*.
- Abaixo de todo en **Tipo**, seleccionar **.JPEG ou .PNG**.
- Seleccionamos a ubicación na que se gardará a captura e poñémoslle o nome que se indique na tarefa.

3. Para a maqueta Abalar:

- Ao premer Imprimir Pantalla aparecerá a seguinte xanela::






- Aquí podemos seleccionar se queremos capturar a pantalla enteira, a xanela que temos activa ou seleccionar unha zona da pantalla co rato.
- Unha vez seleccionada a opción, clicamos en **Aceptar** e aparece a seguinte xanela:



- Podemos escoller entre:
 - i. Gardar a imaxe directamente. Clicamos en **Aceptar** e só teremos que seleccionar a ubicación e poñer o nome que nos soliciten.
 - ii. Copiala ao portarretallos. Se por exemplo quixeramos insertala nun documento, só teriamos que clicar en **Aceptar**, ir ao documento e facer *Ctrl+V* ou *Editar > Pegar*.
 - iii. Abrirla no editor de imaxes MyPaint. Por se queremos facerlle algunha modificación. Nese caso, ao clicar en **Aceptar**, abrírase o programa, teriamos que facer *Ctrl+V* ou *Editar > Pegar*, facer as modificacións que desexemos e gardar o resultado na ubicación desexada e co nome que nos soliciten.

Capturas de pantalla con Windows

Pódese empregar a aplicación **Recortes** de Windows 10:



Cando cliquemos en Novo, a nosa pantalla quedará baixo unha capa translúcida de cor branca. Sobre esta capa veremos a xanela do programa **Recortes**.

O punteiro do rato adoptará a forma dun punto de mira. Simplemente haberá que especificar a parte da pantalla a capturar.

Unha vez rematado o proceso, abrírase unha xanela coa captura realizada. Só resta gardar a captura de pantalla na ruta que se especifique.